

gos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro que se axustará ao previsto na citada lei.

b) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a bolsa para a formación, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, será causa do reintegro total desta.

c) Sen prexuízo do anterior, ás persoas beneficiarias que figuran nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Quinto.-A percepción destas axudas é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda financiada por calquera Administración, institución ou ente público, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria dos beneficiarios.

Sexto.-Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2010.

P.D. (Orde 30-4-2009; DOG nº 87, do 6 de maio)

José Riesgo Boluda

Secretario xeral da Consellería de Economía e Industria

ANEXO I

Relación de candidatos seleccionados para o acceso á fase de formación

Nº	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	NIF	Nota final
1	Coello	Alonso	Iria	76418778J	77,98
2	Luaces	García	Fernando	32658536P	77,37
3	Iglesias	De Paz	Milagros	04177151Y	75,18
4	Gil	Santos	David	33349074V	75,07
5	Rivera	Domínguez	Ana Belén	32681164G	74,56
6	Otero	González	Sergio	33299390J	73,87
7	Carballo	Coego	Katia	32829477J	71,25
8	Fentanes	Fortes	Sonia	44083278Y	70,79
9	Pereira	Rodríguez	Ángel	32690162D	70,67
10	Lamas	Pérez	Xosé Roberto	32824288E	68,33
11	Grande	Sellera	Carlos	34987250H	68,06
12	Díaz	Salgueiro	David	36118157S	67,66
13	Sande	Martínez	Carlos Manuel	79324797M	67,41
14	Sueiro	Blanco	Pancho	44080858R	67,12
15	Queiruga	Del Alisal	Raquel	52931237A	66,96
16	Díaz	González	David	33996534G	66,57
17	Burés	Grandío	Noela	46899256W	64,39
18	Domínguez	Bustelo	María del Carmen	44828023B	63,75
19	León	Alonso	Alberto	71513383N	62,40
20	Moquillaza	Miranda	Francisco Javier	53187530F	62,27
21	Cristos	Román	Irene	36155447E	61,70
22	Maneiro	Franco	Elena	32819782R	61,54
23	Fernández	Valero	Julia	46895435E	61,47
24	Montero	Fernández	María	76828212R	61,18

Nº	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	NIF	Nota final
25	Rodríguez	Ormaechea	José Ignacio	79313550M	61,14
26	Riobó	Gestido	Mª Yudani	36124804S	60,85
27	Gómez	Touriño	Iria María	44843987J	60,74
28	Pérez	Rama	Mónica	32836655S	60,63
29	Otero	Leal	Marta	76578548W	59,90
30	Da Vila	Calvar	Amelia	53110541E	59,51
31	Sieiro	Piñeiro	María del Pilar	44461999D	59,26
32	Mato	Priegue	María Belén	79318615X	59,22
33	Insua	Pardo	Sabela	33998939V	58,50
34	Moredo	Araújo	Alfonso	34995404F	58,43
35	Bello	Suárez	Jorge	32698692Y	58,40
36	Rochette		Sophie	Y0686210L	58,27
37	Neira	Barral	Daniel	33295737V	57,86
38	Fernández	Mosquera	Daniel	34892202Y	57,48
39	Creo	Sampedro	Eugenio	53170120P	57,23
40	De Castro	García	Cristina	32845511Q	57,01
41	González	Villamarín	Marcos	36174174C	56,94
42	Pardo	Calvo	Rosario	44810708S	56,43
43	Gayoso	Taboada	Rubén Antonio	53163013P	56,34
44	Eirín	Rodríguez	Pablo	44088545Y	56,21
45	Arias	Abreu	Antón	53175055K	56,13
46	Pérez	Rodríguez	Avelino	44457254W	55,95
47	Bóveda	López	Francisco Manuel	35314961W	55,67
48	García	Díez	Tatiana	09802871H	55,46
49	Fernández	Fernández	Isabel	14605288N	55,33
50	Omil	Vidal	Manuel	52499806Y	55,25
51	López	Penalonga	Varinia Paulina	33344698B	55,01
52	Casaleiro	González	Ana Belén	35568427P	54,58
53	Domínguez	Gómez	Rubén	44474207C	53,82
54	Carrascal	Vázquez	Francisco Javier	53184259W	53,80
55	Guinarte	Calvo	Marcos	34997732N	53,78
56	Gómez	Pérez	Carmen Paula	76906827W	53,71
57	Prieto	Magdalena	Francisco Manuel	76862807G	53,66
58	Queiruga	Del Alisal	Antía	52938876Y	53,54
59	Lamas	Pose	Sonia	33300418Y	53,19
60	Pardo	Calvo	Javier	44810707Z	53,19
61	Cendón	Vázquez	Iván	44485146H	52,29
62	Sarmiento	Anguiano	Carlos	36107166H	51,74
63	Alonso	Carro	Óscar	36098508P	50,67
64	Castro	Novo	Adriana	44809299D	50,51
65	Painceiras	López	Fernando	32673819L	50,17
66	Filgueiras	Sánchez	Héctor	32677381Q	49,46
67	Piñeiro	Tubío	Víctor Ramón	76777584L	49,18
68	Fernández	Acevedo	Óscar	34966771D	47,38

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 9 de agosto de 2010 pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único e se procede á convocatoria das correspondentes axudas.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación, correspondéndolle o seu exercicio, hoxe en día, á Consellería de Traballo e Benestar, ao

abeiro do disposto no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Consonte co anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación, xestión e control do aboamento de cotas á Seguridade Social aos traballadores e traballadoras que percibisen a prestación de desemprego na súa modalidade de pagamento único, programa regulado na orde ministerial do 13 de abril de 1994, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión das subvencións consistentes no aboamento, aos traballadores e traballadoras que fixeran uso do dereito previsto no artigo 1 do Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, das cotas á Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 4.2º do dito real decreto, modificado pola Lei 22/1992, do 30 de xuño.

O Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, regula o aboamento da prestación de desemprego na súa modalidade de pagamento único como medida de fomento de emprego, en aplicación do disposto no punto 3º do artigo 228 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, coa finalidade de propiciar a iniciativa de autoemprego dos traballadores e traballadoras desempregados/as con dereito á prestación por desemprego de nivel contributivo, facilitando a realización dun traballo por conta propia ou a incorporación como socios e socias traballadores/as ou de traballo a unha cooperativa ou sociedade laboral.

Polo seu encadramento no réxime económico da Seguridade Social, o recoñecemento e aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único é competencia da Administración central, mais, polo seu carácter de política activa de emprego, intervén a Administración autonómica na súa xestión e tramitación, nos termos previstos no convenio suscrito entre o Inem e esta comunidade para a coordinación entre a xestión do emprego e a xestión das prestacións de desemprego.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4.2º do dito Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, aos perceptores e perceptoras da prestación de desemprego, na súa modalidade de pagamento único, concédese-lles unha axuda consistente no aboamento das cotas á Seguridade Social durante o período polo que percibisen a prestación de desemprego, correspondéndolle a xestión desta última á Administración autonómica.

Na súa consecuencia, esta orde ten por obxecto regular o procedemento de aboamento das ditas cotas, co fin de contar cunha normativa autonómica adecuada e adaptada ás normas de procedemento, organización e xestión desta comunidade autónoma.

As axudas reguladas nesta orde exceptúanse do procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva, posto que se trata dun dereito cuxo recoñecemento está vinculado á obtención da capitalización da prestación por desemprego, polo que serán tramitadas en réxime de concesión directa, conforme o previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, norma de obrigado cumprimento para esta comunidade autónoma, a teor do disposto na súa disposición adicional única.

O citado Real decreto 357/2006, en atención ás difíciles circunstancias de integración laboral dos colectivos afectados e apreciando a concorrencia de razóns de interese público e social que dificultan a súa convocatoria pública autoriza a concesión directa, entre outras, das subvencións consistentes no aboamento de cotas á Seguridade Social aos perceptores da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, establecidas polo xa citado Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, e desenvolvidas pola orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 13 de abril de 1994, e de acordo co previsto na disposición transitoria cuarta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.

As bases reguladoras destas axudas e a súa convocatoria axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A subvención obxecto desta orde financiarase con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determine anualmente, logo da aprobación dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente. Para o exercicio 2010 a dita determinación recóllese na disposición adicional cuarta desta orde.

Polo exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Galego de Cooperativas, logo da autorización do seu carácter plurianual polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 29 de xullo de 2010, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto, requisitos e principios de xestión.*

1. O obxecto desta orde é establecer a convocatoria para o ano 2010 do procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social dos traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego, na súa modalidade de pagamento único, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que percibisen a prestación por desemprego, de nivel contributivo, na súa modalidade de pagamento único.

b) Que optasen polo aboamento, dunha soa vez, da totalidade da prestación por desemprego.

c) Que adquirisen a condición de socio ou socia traballador/a ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral con centro de traballo en Galicia; ou que se constituísen como traballador ou traballadora autónomo/a sempre que se trate dunha persoa cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

d) Que iniciasen a actividade dentro do mes seguinte á percepción da prestación de pagamento único ou atoparse en fase de iniciación.

e) Estar dado/a de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios do aboamento de cotas á Seguridade Social regulado nesta orde as persoas nas que concorran as circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, xustificándose este extremo mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-*Axuda.*

Esta axuda consistirá no aboamento do 50% da cota ao réxime correspondente á Seguridade Social como traballador ou traballadora autónomo/a, calculada sobre a base mínima de cotización, ou o 100% da achega do traballador ou traballadora nas cotizacións ao correspondente réxime da Seguridade Social, durante o período polo que se percibiría a prestación por desemprego de non se ter percibido na súa modalidade de pagamento único, computándose, para efectos desta axuda, a partir da data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Artigo 3º.-*Competencia.*

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de aboamento de cotas á Seguridade Social previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, corresponderalles as respectivas persoas titulares das xefaturas dos departamentos territoriais da consellería en función do domicilio do/a solicitante.

Artigo 4º.-*Solicitudes e prazo.*

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiránse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros dos respectivos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes e os anexos deste programa de axudas están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>

2. A persoa beneficiaria do aboamento de cotas á Seguridade Social regulado nesta orde, deberá presentar unha única solicitude por todas as mensualidades a que teña dereito no prazo de seis meses contado desde o último día do primeiro mes en que teña dereito ao aboamento.

3. O prazo de presentación de solicitudes rematará no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Cando o prazo de seis meses, establecido no número 2 anterior, finalice con posterioridade a esta data, a solicitude poderá presentarse a partir do 1 de xaneiro do exercicio seguinte e ata o 31 de maio. Se

as primeiras mensualidades, polas que a persoa beneficiaria ten dereito ao aboamento, son as correspondentes ao cuarto trimestre do ano, a solicitude poderá presentarse ata o 30 de xuño do ano seguinte.

Artigo 5º.-*Documentación.*

Segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, as solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e as informacións determinados na convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda.

A solicitude deberá presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I desta orde e deberá ir acompañada, do orixinal ou fotocopia compulsada, dos seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do DNI do solicitante, no caso de que o interesado/a non autorice expresamente a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia. Segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e a Orde do 7 de xullo de 2009 que desenvolve o citado decreto.

b) Copia da resolución do director ou directora provincial do Servizo Público de Emprego Estatal pola que se aproba o aboamento da totalidade da prestación contributiva por desemprego nun único pagamento.

c) Boletín de cotización á Seguridade Social da primeira mensuralidade pola que se solicita o aboamento e, se é o caso, boletíns de cotización correspondentes ás mensuralidades xa aboadas no momento da presentación da solicitude.

d) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados (segundo o modelo do anexo III). Ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións, xustificándose este extremo mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

e) Certificación da entidade financeira acreditativo de que a persoa solicitante é titular da conta corrente que indica (segundo o modelo do anexo II)

Artigo 6º.-*Emenda da solicitude.*

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa interesada para que, nun prazo de dez días,

emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, considerárase que desiste da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 7º.-Resolución e recursos.

1. A concesión das axudas previstas nesta orde realizarase en réxime de concesión directa, en atención á existencia de razóns de interese público e social que dificultan a súa convocatoria pública, e de conformidade o previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

2. Os procedementos de concesión das axudas serán tramitados polos servizos de relacións laborais dos departamentos territoriais competentes, e logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo/a xefe/a do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar que corresponda, por delegación da persoa titular da consellería.

3. As resolucións que se diten neste procedemento serán notificadas ás persoas interesadas e deberán estar adecuadamente motivados.

Os/as interesados/as propostos/as como beneficiarios/as disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada a subvención.

4. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5º da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que subsista a obriga legal de ditar resolución expresa sobre a solicitude presentada.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. De acordo co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial as sub-

vencións concedidas ao abeiro desta orde, con expresión do/a beneficiario/a, a contía e a súa finalidade.

7. A Consellería de Traballo e Benestar incluírá e fará públicos no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas, sen prexuízo do establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros -rúa Domingo Fontán 9-15702 Santiago de Compostela). As persoas beneficiarias teñen dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do número 2º do artigo 15 da Lei 9/2007.

Artigo 8º.-Xustificación do pagamento e pagamentos parciais.

1. O pagamento da axuda quedará condicionado á presentación dos boletíns de cotización, a medida que a persoa beneficiaria vaia realizando o ingreso das súas cotas ao réxime da Seguridade Social correspondente e no prazo máximo de seis meses, contados desde a resolución de concesión ou desde o ingreso das cotas, de ser o caso.

2. Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que a persoa beneficiaria xustifique os libramentos anteriores ata unha porcentaxe non superior ao 80% da subvención concedida.

3. Se coa presentación dos boletíns de cotización quedase xustificada unha contía distinta da inicialmente concedida, emitirase a correspondente resolución revogatoria ou complementaria.

4. No momento da xustificación total e, en calquera caso, antes do último pagamento, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

5. Unha vez percibida a prestación o/a traballador/a deberá iniciar no prazo máximo dun mes a actividade laboral para a que se lle concedera e darse de alta no correspondente réxime da Seguridade Social, ou ben acreditar que está en fase de iniciación, o que deberá xustificar no dito prazo ante o órgano concedente da subvención.

O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente comportará o seu reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. Esta axuda será incompatible coa percepción trimestral do importe da prestación por desemprego de nivel contributivo, na súa modalidade de pagamento único, para subvencionar a cotización do traballador ou traballadora á Seguridade Social.

2. O importe das axudas reguladas nesta orde non poderá ser, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, de tal contía que supere o custo da cotización á Seguridade Social satisfeita pola persoa beneficiaria.

Artigo 10º.-Obrigas das persoas beneficiarias.

Son obrigas das persoas beneficiarias das axudas e subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

a) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

b) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 11º.-Modificación da resolución concesoria.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, a súa revogación.

Artigo 12º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo a función de control das subvencións concedidas así como a avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo e Benestar, para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións esixidas nesta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar nos/as xefes/as territoriais, no ámbito dos seus respectivos departamentos, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos e para a resolución dos expedientes de reintegro.

Cuarta.-A concesión das axudas reguladas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

O aboamento de cotas á Seguridade Social regulado nesta orde financiarase, no exercicio 2010, con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 12.03.324A.480.3, código de proxecto 2010 00827, cun importe de 80.000 euros dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Nos exercicios futuros a concesión das axudas reguladas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación 12.03.324A.480.3, código de proxecto 2010 00827, polo importe de 80.000 euros para o ano 2011, e polo importe de 80.000 euros para o ano 2012, de conformidade co preceptuado no artigo 58.1º b), do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado na súa reunión do día 29 de xullo de 2010, estes importes poderán ser incrementados ou minorados en función das solicitudes que se presenten e das axudas que efectivamente se concedan. O referido incremento deberá proceder de xeracións, ampliacións ou incorporacións de crédito e deberá ser obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, sen que supoña a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I

EXP. Nº

PROCEDEMENTO ABOAMENTO DE COTAS Á SEGURIDADE SOCIAL	CÓDIGO DO PPROCEDEMENTO TR341A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---------------------------------------------------------------	------------------------------------------	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI/NIF
ENDEREZO	TIPO MINUSVALIDEZ	GRAO MINUSVALIDEZ
LOCALIDADE / CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
		TELÉFONO
RÉXIME SEGURIDADE SOCIAL	GRUPO DE COTIZACIÓN	BASE DE COTIZACIÓN
		DATA DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA COOPERATIVA, SOCIEDADE LABORAL OU DA ACTIVIDADE QUE VAI DESENVOLVER O/A TRABALLADOR/A AUTÓNOMO/A MINUSVÁLIDO/A

DENOMINACIÓN OU RAZÓN SOCIAL	NIF
ENDEREZO	Nº DE SOCIOS/AS TRABALLADORES/AS
LOCALIDADE / CONCELLO	PROVINCIA
	CÓDIGO POSTAL
	TELÉFONO / FAX
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN)	CNAE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ARTIGO 5)

<input type="checkbox"/> COPIA DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DA TOTALIDADE DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO NUN ÚNICO PAGAMENTO
<input type="checkbox"/> BOLETÍN/S DE COTIZACIÓN Á S.S. CORRESPONDENTE/S AO/S MES/ES DE _____ (1)
<input type="checkbox"/> FICHA DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICADO DA ENTIDADE BANCARIA (NO MODELO QUE FIGURA COMO ANEXO II)

(1) Indicar as mensualidades de que se presentan boletíns de cotización

Autorizo á consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro e coa orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON (neste caso aportar documentación)

PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

- O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE SERÁ DE SEIS MESES CONTADOS DESDE O ÚLTIMO DÍA DO PRIMEIRO MES EN QUE TEÑA DEREITO AO ABOAMENTO (ARTIGO 4.2º)
- O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES REMATARÁ O 31 DE AGOSTO (ARTIGO 4.3º)
- CANDO O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SEIS MESES REMATE DESPOIS DO 31 DE AGOSTO, A SOLICITUDE PODERÁ PRESENTARSE DO 1 DE XANEIRO ATA O 31 DE MAIO DO ANO SEGUINTE (ARTIGO 4.3º)
- SE AS PRIMEIRAS MENSUALIDADES A QUE TEÑA DEREITO CORRESPONDEN AO CUARTO TRIMESTRE PODERÁ PRESENTARSE ATA O 30 DE XUÑO DO ANO SEGUINTE (ARTIGO 4.3º)

DECLARA que:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos e non concorren circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003 e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- b) Indicar o que corresponda:
- Non ter solicitada nin percibida ningunha axuda para a mesma finalidade dunha Administración ou entidade pública.
- Ter percibidas ou solicitadas as axudas indicadas na relación que se xunta (no modelo que figura como anexo III).
- c) Que se somete ás actuacións de comprobación da Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Facenda, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e ás daqueles outros organismos públicos que, se é o caso, procedan.
- d) De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais de Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, AUTORIZO EXPRESAMENTE a consellería para publicación no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que exixen as referidas normas, referidos tanto á información sobre as axudas concedidas como ás sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse.
- e) **SOLICITA** que se lle aboan as cotas á Seguridade Social correspondentes ás mensualidades conforme o período polo que se aboa a totalidade da prestación por desemprego.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 9 de agosto de 2010 pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único e se procede á convocatoria das correspondentes axudas.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA
____/____/____

DATA DE EFECTOS
____/____/____

DATA DE SAÍDA
____/____/____

Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de

ANEXO II

EXP. Nº

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
BANCO			
<input type="text"/>			
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>

CERTIFICO:

Que os datos reflectidos son correctos e corresponden ao/á titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXP. Nº

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

Don/Dona _____, con DNI nº _____
 en nome e representación da entidade _____
 con NIF/CIF nº _____, en calidade de _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS ⁽¹⁾	
					SI	NON
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

⁽¹⁾ Indicar cun X o que proceda

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS ⁽¹⁾	
					SI	NON
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

⁽¹⁾ Indicar cun X o que proceda

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data que se indican abaixo.

_____, de _____ de _____

(Sinatura do/a solicitante ou persoa que o/a represente/a)